

Algunhas claves históricas da literatura do XIX

Imos ver e situar nunha liña do tempo doce feitos do século XIX imprescindibles para entender o rexurdimento cultural e para contextualizar a literatura decimonónica.

1. Primeiro. A invasión francesa, no final da primeira década do XIX, aliou os sectores privilexiados, ou sexa, o clero e a fidalguía, coas clases populares nunha guerra de guerrillas que conseguiu vencer o exército ocupante. Esa autoorganización, e a constitución da Xunta Suprema de Galicia, que exerceu como goberno independente durante uns meses, reforzou o sentimento de orgullo e de nación entre os galegos.
2. Segundo. A división provincial, centralizadora, de 1833, convertía Galicia en catro provincias entre as 50 do Estado, perdendo ademais territorio propio, galegofalante. Precisamente, o primeiro movemento galeguista, o provincialismo, reivindicará a consideración de Galicia como unha entidade, un único reino ou provincia, de aí o seu nome. Na década seguinte terá unha ampla presenza na prensa e a través de academias e asociacións. Nese ambiente, xustamente, formaranse Rosalía e Pondal, membros activos do Liceo da Xuventude de Santiago, entidade galeguista.
3. Entre as desamortizacións dos patrimonios da Igrexa no XIX destaca a de Mendizábal, de 1836. Pero en Galicia a propiedade destas terras pasou a mans da fidalguía, manténdose o sistema foral. Así, a maioría do campesiñado seguiu tendo a obriga de pagarlle ao señor o arrendamento cunha parte da colleita. Ademais dos foros, os labregos e labregas, que constituían o 90% da poboación, sufriron impostos moi elevados -os trabucos en denominación popular-, usuras e outros abusos que impediron asemade modernizar o agro.
4. Boa parte dos historiadores galegos do XIX dedicáronse a reconstruír o noso pasado desde a mítica do celtismo. O obxectivo era recuperar a dignidade, afianzar a diferencialidade e situar a Galicia na loita pola reivindicación de dereitos. Desde a *Historia de Galicia* de Verea e Aguiar, en 1838, e sobre todo a partir dos estudos históricos de Murguía, o celtismo pasa a formar parte da visión da nosa identidade. Na literatura será Pondal quen o conectaría liricamente coas ansias de liberdade. Os restos arqueolóxicos e os topónimos da súa comarca, a bergantiñá, permitiranlle recrear ese pasado mítico sen servidumes.
5. Cun agro en crise, a emigración será masiva desde a década dos 40. Os galegos saíran na temporada de sega a Castela e nas últimas décadas do século partirá sobre medio millón de persoas a América na procura dun futuro mellor, soportando unha viaxe e unhas condicións de traballo realmente escravistas. E tanto Rosalía como Curros, aínda que noutras circunstancias, viviron a emigración ao residir en Castela ela e tamén en Cuba el.
6. En 1846, o pronunciamento militar de Solís foi apoiado pola intelectualidade provincialista. Triunfou nun primeiro momento e instaurou a Xunta Suprema de Galicia, un goberno propio, mais estas forzas foron derrotadas na batalla de Cacheiras e os mandos militares rebeldes fusilados en Carral. Como consecuencia, escritores galeguistas como Añón sufrirán o exilio e o provincialismo centrará os seus esforzos no ámbito cultural.
7. 1853 considérase o ano da fame en Galicia, pero xa desde 1843 había moita necesidade no país, esmoleiros, morte nas rúas e nos camiños e tamén motíns populares. Mentres, o Estado seguía cobrando os impostos e embargando os bens. Unha Rosalía de Castro con 16 anos foi testemuña deste drama en Compostela.
8. Dez anos despois do Levantamento de Solís, unha nova xeración galeguista, con Aguirre e Pondal á cabeza, organiza un xantar de confraternidade coa clase traballadora e espalla nos seus

discursos as ideas de igualdade. Galeguismo e progresismo van así da man. Rosalía e outros membros do Liceo da Xuventude tamén participan.

9. Desde 1868 ata 1874 desenvolveuse no Estado un período democrático, o Sexenio revolucionario, durante o que se proclamaría a Iª República española. Nese contexto formábase Curros, que comezaba a súa carreira de xornalista en Madrid. O seu progresismo, republicanismo e laicismo alicerzan neste sexenio.

10. A construción de infraestruturas reflicte perfectamente o escaso peso político de Galicia en Madrid e a consecuente marxinación á que se ve sometida polo Estado. O primeiro ferrocarril, a liña Santiago – Carril, é de 1873, cando en España xa había 6000 quilómetros de vías. E ata 1881 non chegou a Ourense. En todo caso, Curros saúda a locomotora como símbolo do progreso nun explícito poema, contraponéndoa á Igrexa fanática, que chegou a denunciar a este escritor polos poemas anticlericais de *Aires da miña terra* e que conseguiu procesalo xudicialmente.

11. En 1876 aparece o primeiro periódico en galego, *O Tío Marcos da Portela*, da man de Lamas Carbajal. Este paso fundamental na prestixiación da lingua será seguido por outras publicacións nos anos seguintes: *A Monteira*, *O Galiciano*, etc. Este xornalismo en galego, mesmo con publicidade na nosa lingua, centra as súas críticas nun novo mal, o caciquismo, nos abusos do poder e nas causas da emigración. Esa mesma liña de defensa das clases populares galegas domina a obra de Lamas *Catecismo da doutrina labrega*, de 1889.

12. O segundo gran movemento político e cultural galeguista é o Rexionalismo, ao que se adscribe plenamente Pondal. Os teóricos e principais dirixentes foron Alfredo Brañas e Manuel Murguía. E entre os seus feitos, á marxe do impulso ás publicacións literarias e xornalísticas, están a creación da *Asociación Rexionalista* e a recuperación do galego nos discursos públicos formais, nos Xogos Florais de Tui.